



Víctor Caamaño Rivas, portavoz do grupo municipal do BNG no concello de Cambados e con DNI nº 35437835, presenta para o seu tratamento no próximo pleno a seguinte MOCIÓN:

PUNTO LIMPO

Desde hai uns anos vense desenvolvendo, nos concellos galegos, un sistema de recollida selectiva dos Residuos Sólido Urbanos. Esta actuación era unha das que estaban contempladas no Plan de Xestión de RSU de Galicia, o cal ten por finalidade reducir a cantidade de residuos producidos nos nosos fogares.

Resulta evidente que se este sistema de eliminación de residuos funcionara correctamente sería unha boa solución para reciclar certo tipo de residuos (envases e embalaxes de cartón, vidro e papel) que producimos en gran cantidade.

O Plan de Xestión de RSU de Galicia, contempla igualmente, para a eliminación doutro tipo de residuos como pinturas, disolventes, escombros, electrodomésticos, mobles, tubos fluorescentes, etc, a creación dos chamados “Puntos Limpos”. Estes complementarían o sistema de recollida selectiva de residuos procedentes dos nosos fogares. A Consellaría de Medio Ambiente tiña como obxectivo a creación dun punto limpo por cada concello de máis de 5.000 habitantes. A construción destes establecementos realizouse por medio dun convenio entre os concellos, a Xunta e a Unión Europea. O valor dun punto limpo estímase en 210.000 euros, e gran parte desta cantidade procede dos Fondos de Cohesión da UE, mentres que do concello depende unicamente a cesión dos terreos para a ubicación das instalacións e o posterior mantemento.

O Punto Limpo debe ser un lugar accesible e ben comunicado para que o cidadán se poida achegar a el doadamente. Disporá dunha zona cuberta e outra descuberta para diferentes residuos, en colectores independentes segundo os distintos tipos, e xamais albergará residuos perigosos. Ademais estes recintos non deberán desprender malos olores nin producir ningún tipo de contaminación. Os residuos almacenados serán enviados a un xestor autorizado para que proceda a súa reciclaxe.

O Concello de Cambados conta desde hai tempo cun punto limpo para a súa utilización. Desde o ano 2001 os veciños e veciñas de Cambados dispoñemos deste servizo no polígono industrial de Sete Pías. Aínda contando con esta situación privilexiada, a día de hoxe unha gran parte da poboación de Cambados descoñece a utilidade deste servizo ou ignora a súa situación, polo que resulta habitual que de xeito continuado aparezan no concello vertedoiros incontrolados. Outra parte dos veciños e veciñas que si son coñecedores deste servizo, acaban transformando as inmediacións das instalacións do Punto Limpo nun vertedoiro incontrolado ao no coincidirlle o momento da súa visita cos residuos en horario de apertura das instalacións.

Para que este servizo mellore o seu funcionamento en Cambados e con isto o noso concello colabore na defensa e protección do medio ambiente, propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal os seguintes ACORDOS:

- Que o Concello realice unha campaña de promoción do Punto Limpo para que os veciños e veciñas teñan moi claro a utilidade deste servizo, así como a localización e o horario destas instalacións.
- Realizar unha campaña de divulgación do Punto Limpo nos colexios de educación primaria e nos institutos de educación secundaria (os nenos e nenas de hoxe son os cidadáns do mañá).
- Mellorar a sinalización e os accesos ás instalacións.

En Cambados a 11 de decembro de 2007

Asdo: Víctor Caamaño Rivas